

Reflexionar sobre o feito de ler, sobre o seu proceso, a súa maxia e o seu misterio, é, á súa vez, unha apelación directa á nosa propia identidade.

Somos o que lemos á vez que lemos o que somos.

Máis que nunca a nosa capacidade de independencia, a formación da nosa liberdade, o cultivo do noso propio criterio necesita de modo máis imperioso a lectura. Porque só ela é capaz de construír a ponte que leva da información ao coñecemento.

Antonio Basanta (Vicepresidente Executivo e Director da Fundación G. S. R.)



A Biblioteca do centro está aberta a toda a comunidade educativa. Visítala.

A sala de titoría dispón dunha sección específica para as familias de autopréstamo. Utilízala.

Dende a casa pódese consultar na rede o catálogo.

Reserva o que che interese.

www.opacmeiga.rbgalicia.org.

Dende a casa pódete informar acerca das actividades realizadas no IES. Participa deixando as túas opinións.

<http://bibliotecaiesanxenxo.blogspot.com/>



BOLETÍN N°14
OUTUBRO 2008

HORA DE LER 2008-09



A importancia da familia:

O meu primeiro libro foi a memoria da miña nai e os meus primeiros contos tamén teñen que ver cos relatos da miña nai, que me gustaban moito porque falaban da muller, da rebelión e dos problemas da vida.

Manuel Rivas

A importancia do centro educativo:

Pódese vivir sen ler, abofé. Pero esta é unha opción que cada cidadán debe tomar en liberdade, nunca como consecuencia dun sistema que oculte, debilite ou faga imposible a lectura.

Antonio Basanta

Continuando coa aplicación do primeiro obxectivo recollido no PLAN LECTOR do centro de crear e potenciar o hábito lector do alumnado establécese para o curso 2008-09 un tempo específico para a lectura integrado no horario escolar coas seguintes características:

- Ø De quince minutos os LUNS, MARTES E VENRES despois do recreo.
- Ø Lectura individual e silenciosa.
- Ø Lectura de libre elección.
- Ø De forma simultánea en todas as áreas e niveis da etapa educativa.
- Ø Tempo sen interrupcións do exterior.
- Ø O profesor debe ser modelo.
- Ø Os libros son responsabilidade de cada alumno, que pode solicitalo na Biblioteca do centro, das Bibliotecas municipais, dos amigos...
- Ø O titor ou profesor de área pode solicitar un préstamo á Biblioteca para ter libros que considere de interese para os seus alumnos na aula.
- Ø Cada Departamento Didáctico reflectará este tempo nas programacións, habilitará centros de documentación específica nas aulas e aportará listados de lecturas relacionados coa materia impartida.
- Ø Cada aula específica conta cun libro de rexistro para anotar a relación de títulos de que dispón, puntos de lectura e marcapáxinas.
- Ø O equipo da Biblioteca aportará mochilas para as aulas coas novidades, xunto con outras actividades de fomento da lectura.
- Ø A familia contibuirá facendo que a lectura forme parte da vida cotidiá, compartindo lecturas, visitando librarías, bibliotecas... cando en definitiva, considere que a compra de libros non é algo excepcional senón parte dos gastos necesarios para a formación dos fill@s.

Son 15 minutos:

- Adicados á lectura, polo disfrute de ler.
- Para ler ao noso ritmo.
- Para compartir en silencio.
- Para establecer a comunicación privada entre o lector e o texto.
- Para poder descubrir qué tipo de textos e lecturas nos interesan.
- Para informarnos, investigar... e formarnos.
- Para desenvolver a competencia lingüística.
- Para crear un hábito, unha necesidade.
- Son 15 minutos para o alumno; tamén para o profesor.
- Son 15 minutos integrados en todas as materias e forman parte do currículo.

A HORA DE LER non é:

- Unha asignatura: non é avaliable para o alumno.
- Hora de estudo.
- Hora de facer exercicios.
- Hora de saír ao baño, nin de facer recados ou dar avisos.
- Unha perda de tempo.
- Momento de intercambio de opinións ou lectura en voz alta.
- Un maratón de lecturas en tempo récord.
- Unha cesión do tempo da asignatura: a lectura como técnica transversal debe estar integrada no contexto da clase.

LOE Secundaria. artigo 26.2: A fin de promover o hábito da lectura, dedicarase un tempo á mesma na práctica docente de todas as materias.

Currículo da comunidade autónoma de Galicia. Decreto133/2007, do 5 de xullo de educación secundaria. Artigo 5º: A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantirán na práctica docente de todas as materias un tempo dedicado á lectura en todos os cursos da etapa, de acordo co proxecto lector do centro.